Código Cero

DIARIO DIXITAL
Novas Tecnolóxicas de Galicia con boletíns por correo electrónico e edición en papel nos quioscos galegos.



Luns, 30 de Xaneiro de 2006

Nova

# O CESGA colabora nun proxecto tecnolóxico para achegar as matemáticas ós estudantes galegos

O Centro de Supercomputación de Galiza (CESGA) segue a traballar pola divulgación do coñecemento facilitando os seus recursos tecnolóxicos. Un bo exemplo disto é o convenio de colaboración: coa Real Sociedade Matemática Española, a editorial alemana FIZ Karlsruhe e a Consellería de Educación. Este acordo vai orientado a crear un tecido bibliográfico de 100.000 referencias do eido matemático (unha das materias con maior índice de fracaso escolar), que estarán a disposición de toda a comunidade estudiantil e investigadora de Galiza. acceso e o mantemento da base de datos.

Sinalar que os froitos deste convenio van ser presentados este venres ás 12.00 horas na sede do CESGA en Santiago, onde se darán cita o director xeral de I+D, Salustiano Mato e o presidente da Real Sociedade Matemática Española, Carlos Andradas, entre outros persoeiros. Cómpre sinalar que a base de datos MATHDI será a que canalice o acceso ós recursos bibliográficos, e consiste na versión electrónica da revista Zentralblatt für Didaktik der Mathematik, que achega información das revistas máis salientables de educación matemática publicadas, a nivel mundial, dende 1976 ata o día de hoxe. Polo que respecta ó papel do CESGA neste acordo, dicir que será o encargado de xestionalo

Entrevista



**Enrique Varela**

director do I Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación

Firma convidada



**Rede Compostela Wireless**

unha ponte sobre a fenda tecnolóxica

SOFTGAL




